

TEMA 5. A TERRA, UN PLANETA ÚNICO

1. A TERRA, UN PLANETA DO SISTEMA SOLAR

1.1. O SISTEMA SOLAR

O Sistema Solar está formado polo Sol, e os astros que xiran ao seu redor. Os astros son.

Planetas como a Terra

- Satélites como a Lúa
- Outros astros como cometas

1.2. O SOL

O Sol é unha estrela. As estrelas son bolas xigantes que emiten luz e calor.

1.3. OS PLANETAS

Os planetas do sistema solar son 8:

- Mercurio, Venus, Tierra, Marte, Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno.

A Terra é o único planeta que reúne as condicións necesarias para a vida.

O camiño que percerren chámase órbita.

2. A TERRA MÓVESE

2.1 A TERRA XIRA SOBRE SÍ MESMA

A Terra xira sobre si mesma, este movemento chámase rotación.

Tarda 24 horas, é dicir, un día.

Este movemento da lugar aos días e as noites.

Día: chega a luz do Sol

Noite: non chega a luz do Sol

2.2 A TERRA XIRA ARREDOR DO SOL

A Terra tamén xira arredor do Sol. Isto chámase translación.

Tarda 365 días, e dicir, un ano

Os raios do Sol chegan con distinta inclinación a un mesmo lugar da Terra polo que este movemento da lugar as estacións do ano: primavera, verán, outono e inverno.

3. COMO É A TERRA

A Terra é un planeta do sistema solar.

Recibe a luz e o calor do Sol e está rodeada de aire.

Ten forma de esfera.

Un círculo imaxinario chamado ecuador a divide en hemisferio norte e hemisferio sur.

Nela distínguense 3 capas:

Hidrosfera: Formada pola auga

Xeosfera: formada polas rochas

Atmosfera: formada polos gases que compoñen o aire.

4. DESCUBRIMOS AS CARAS DA LÚA

4.1. COMO É A LÚA?

A Lúa é o único satélite natural da Terra.

Non ten luz propia nin atmosfera nin auga.

4.2 A LÚA MÓVESE

A Lúa xira sobre si mesma e tarda 28 días

Tamén xira ao redor da Terra, tamén tarda 28 días

4.3 A FASES LUNARES

Durante o movemento da Lúa arredor da Terra, o Sol non a ilumina sempre igual, por iso a vemos de diferentes formas. Chámanse fases lunares:

- Cuarto crecente: Forma de D
- Lúa chea: vese enteira
- Cuarto minguante: forma de C
- Lúa nova: case non se ve

